



Concello do Porriño

**D. MANUEL CARRERA PUNZÓN, ALCALDE ACCIDENTAL DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA).**

Con data 30-07-2018 se emitiu resolución desta Alcaldía pola que se facía pública as listas definitivas de admitidos/a e excluídos ó proceso para a contratación laboral temporal (interese social) de persoas desempregadas ó abeiro do Plan Concellos 2018-2019 da Deputación de Pontevedra (BOPPO nº 2, de 03-01-2018).

Na referida resolución se determinaba que membros compoñerían o tribunal cualificador.

E tamén se resolvía que o día 31-07-2018, ás 08:30 horas, nas dependencias da Casa do Concello do Porriño, constituírase o tribunal cualificador e realizárase a cualificación dos méritos acreditados polos aspirantes admitidos/as.

O citado día 31-07-2018 debido a ausencia de membros imprescindibles do Tribunal, este non se puido constituír na data e hora indicada, e os demais membros acordaron pospoñelo para unha nova data e convocatoria.

Agora, ó estar no mes de Agosto, resulta que hai persoal municipal que esta tendo o seu período de vacacións. Isto leva a que non hai persoal municipal dispoñible para poñer unha nova data para convocar de novo o tribunal. Ademais que hai que ter en conta que os/as membros do tribunal teñen que cumprir co requisito de ter igual ou superior titulación que as titulacións mínimas que se esixen para algúns postos.

Polo tanto, visto o anterior, e de conformidade coas bases reguladoras do proceso selectivo referido e no exercicio das súas atribucións, esta Alcaldía

**RESOLVE**

**PRIMEIRO.-** Pospoñer o nomeamento dun novo tribunal e a data de **Convocatoria dos/as membros do Tribunal** para que se constituán e se reúnan para a valoración dos méritos acreditados polos aspirantes admitidos/as, ata a primeira data que exista dispoñibilidade de persoal municipal que cumpra co requisito de ter igual ou superior titulación que as titulacións mínimas que se esixen para algúns postos.

**SEGUNDO.-** Publicar esta resolución no taboleiro de edictos do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web deste Concello [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org).

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE NA MARXE**

Concello do Porriño  
**TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPAL**  
DOCUMENTO:  
Data inicial de exposición: 08-08-2018  
Data final de exposición:  
O Porriño, a de de

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Manuel Carrera Punzón (1 para 2)  
Alcalde Accidental  
Data de Sinatura: 07/08/2018  
HASH: ac3a5b1c4fa2840809e92c272e9960b



Eduardo Pontela Fernández (2 para 2)  
Secretario Xeral  
Data de Sinatura: 08/08/2018  
HASH: f39dfcb6b17e48bd5a82e990c4c4b1



**DECRETO**  
Número: 2018-1395 Data: 07/08/2018



Cod. Validación: ePTGWCPSRRWNZEIG7LWLLAYDP | Corrección: <http://oporrino.sedelectronica.gal>  
Documento electrónico. Para a validación electrónica véxase a información no sitio web do Concello do Porriño. Páxina 1 de 1